



## OPERACIÓN DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL

As probas de avaliación nesta cualificación profesional combinarán simulacións de situacións reais de traballo e/ou entrevista profesional.

As avaliacións terán lugar no **Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago-O Pedroso**. Enderezo: San Paio do Monte, s/n, 15898 Santiago de Compostela.

As avaliacións realizaranse **entre os días 15 e 23 de outubro**, segundo os calendarios que se publican nesta mesma páxina web.

### Condicións de realización das probas de avaliación:

- **Presentación ás probas:** os candidatos deberán persoarse, identificándose co seu DNI ou NIE, no correspondente centro de avaliación con media hora de antelación en relación á hora que teñen programada a avaliación no calendario, e achegar o xustificante do pago das taxis de avaliación ou da exención das mesmas.
- **Consentimento informado:** os candidatos deben traer lido e firmado o seguinte consentimento informado, sobre as condicións de realización da proba de avaliación e o cumprimento das normas de seguridade e prevención de riscos laborais.
- **Meteoroloxía:** As avaliacións mediante simulación de situacións reais de traballo poderán cancelarase ou suspenderase en caso de meteoroloxía adversa: choiva persistente e/ou vento, así como en caso de que o Índice de Risco Diario de Incendios (IRDI) sexa alto, moi alto ou extremo. En tal caso publicarase un aviso con antelación de a lo menos un día a través desta mesma páxina web.
- **Equipos de traballo e Equipos de Protección Individual:** Para as probas de simulación os candidatos deberán ir provistos de mascarillas e dos seus propios equipos de traballo e de protección individual, segundo as unidades de competencia ás que se presenten.

Para a UC1964\_2: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar á poboación, UC1965\_2: Executar operacións de extinción de incendios forestais, e UC1966\_2: Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural:

- Casco de intervención en incendios forestais ou urbanos con pantalla protectora ou no seu defecto gafas de protección.
- Bota de extinción de incendios forestais ou urbanos (ou bota de seguridade).
- Guantes de intervención en incendios forestais ou urbanos.
- Funda/buzo de intervención en incendios forestais ou traxe de intervención en incendios urbanos.
- Máscara de incendios forestais para a protección de inhalación de fume e partículas de cinza ou máscaras de protección respiratoria contra o polvo clase FFP1 ou similar.

Para a UC0272\_2: Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emergencia: non é necesario que os candidatos acheguen equipo algúin.